

documento
formativo
de Isca!

Cen anos sen Rosa Luxemburg (1919 – 2019)



isca!

www.iscag2.org



1. Breve introdución

2. Biografía

3. Textos e artigos

3.1 O oportunismo e a arte do posíbel (1898)

3.2 Anarquistas, socialdemócratas e folga xeral (1912)

4. Reforma ou revolución? Un debate actual

5. Referencias bibliográficas

1. Breve introdución

Neste 2019 cúmprense 100 anos do asasinato de Rosa Luxemburgo a mans de grupos parafascistas, os *freikorps*, coa complicidade criminal da socialdemocracia reformista. Desde Isca!, consideramos que a mellor homenaxe que se lle pode facer a tan distinguida militante revolucionaria non consiste en realizar ofrendas florais ou compor fermosos poemas, mais en continuar a estudar o seu exemplo e as súas obras, verdadeiro tesouro colectivo da clase traballadora mundial.

Con esta finalidade ofrecemos ás lectoras interesadas o presente caderno de formación onde, en primeiro lugar, ofrecemos unha aproximación biográfica á figura de Rosa Luxemburgo. Seguidamente recolleemos dous textos da autora que nos permiten achegarnos a algunhas das controversias máis relevantes en que participou: a loita contra o revisionismo e o oportunismo no seo do SPD, e a análise da relación entre as direccións partidarias e sindicais coas folgas de masas revolucionarias. Para concluír, ofrecemos unha análise propia dun dos máis coñecidos libros de Rosa Luxemburgo, *Reforma ou revolución*, e rescatamos a súa relevancia para a actividade política marxista no mundo actual.

2. Biografía

Rosa Luxemburgo naceu o 5 de marzo de 1871 nunha pequena cidade polaca chamada Zamosc. Porén, a súa familia mudaríase moi cedo á Varsovia, cando Luxemburgo tiña tres anos de idade. Con tan só dezaseis anos, entrou a militar nun partido revolucionario chamado *Proletariat*, fundado no 1882. As posicións políticas e ideolóxicas deste partido eran notabelmente máis avanzadas que ás do movemento revolucionario de Rusia, dominado entón por un grupo terrorista, *Narodnaya Volia* –a vontade do pobo– que participaba das ideas e postulados do denominado populismo ruso.

Desgraciadamente, *Proletariat* sofre unha forte represión que deixa moi debilitado ao partido no ano 1886. En 1889, Rosa debe emigrar a Zürich, en Suíza, para evitar a represión policial. Alí entra en contacto cos exiliados rusos e polacos, con quen seguirá a desenvolver unha intensa actividade política. Inicia ademais estudos universitarios que lle permiten adquirir unha sólida formación en ciencias naturais, matemáticas, filosofía e economía. É neste período cando establece unha intensa pero dificultosa relación sentimental cun revolucionario lituano, Leo Jogiches, con quen mantería unha estreita colaboración política que marcará o resto da súa traxectoria vital.

En 1892 fúndase un novo partido en Polonia, o Partido Socialista Polaco (PPS). Contra el, Rosa Luxemburgo manterá a súa primeira batalla política de envergadura. Oporase tanto ás posturas reformistas e oportunistas do PPS como á súa defensa da independencia de Polonia do Imperio Ruso. Para isto, xunto co resto de camaradas, refunda o partido *Proletariat* baixo o nome de Social-Democracia do reino de Polonia e Lituania (SDKPiL), que se dota dun órgano teórico, o *Sprawa Robotnicza* –A Causa Obreira. Rosa Luxemburgo actuará como delegada representante deste partido no III Congreso da Segunda Internacional de 1893. As súas intervencións permítenlle empezar a gañar certo prestixio e renome dentro do movemento obreiro socialista internacional.

A polémica e confrontación co PPS serviu como punto de arranque para unha longa controversia dentro da socialdemocracia e o marxismo da época en

Cen anos sen Rosa Luxemburg (1919 – 2019)

torno á cuestión nacional. A partir deste instante e durante o resto da súa traxectoria política, Luxemburgo oporase sistematicamente a todas as reivindicacións nacionais das pequenas nacións sen Estado, incluíndo á reivindicación do dereito de autodeterminación, baixo o argumento de que as reivindicacións nacionais dividen e enfrontan á clase traballadora. Será este un importante punto de desencontro con Lenin e os bolxeviques, que defenderán o dereito de autodeterminación como unha irrenunciábel demanda democrática con grandes potencialidades revolucionarias.

En 1898, Rosa Luxemburgo trasládase a Berlín para poder participar activamente na vida política do Partido Socialdemócrata Alemán (SPD). O interese de Luxemburgo polo SPD estaba plenamente xustificado. Desde a súa fundación en 1875, progresou rapidamente en forza e implantación entre a clase obreira alemá. En 1877 os socialdemócratas irrompen por vez primeira no Reichstag con doce parlamentarios e medio millón de votos. A burguesía, aterrada, decide aproveitar dous atentados contra o emperador –en que a socialdemocracia non tivo nada que ver- para promulgar as coñecidas como “leis antisocialistas” de Bismarck, que restrinxiron notabelmente as liberdades democráticas de reunión, expresión e organización do SPD. Con todo, o partido logrou organizar un eficiente aparello clandestino desde o exilio, que lle permitiu difundir a súa prensa con regularidade e continuar a realizar congresos. Como resultado de todo o acontecido, os socialistas continuaron a medrar de maneira imparábel. Nas eleccións de 1890 convertéronse no partido con máis representantes no parlamento, acumulando un total de 1 427 000 votos. A ineficacia demostrada das leis antisocialistas levaron finalmente a súa eliminación en 1891. Porén, a influencia do SPD non se restrinxía simplemente á aritmética electoral. Contaba ao redor de si cunha ampla rede de organizacións paralelas: círculos de lectura, organizacións xuvenís, cooperativas obreiras e, sobre todo, cos sindicatos, que no seu momento de maior implantación chegaron aos dous millóns de membros.

Como resultado tanto desta imponente capacidade política e organizativa como da influencia teórica dos seus membros máis destacados –Karl Kautsky o primeiro deles- o SPD acabou por ser o principal partido de referencia de todos

Cen anos sen Rosa Luxemburg (1919 – 2019)

os membros da Segunda Internacional. Aínda así, baixo a aparencia imponente deste sólido edificio, estaban a agromar serios problemas políticos e ideolóxicos.

A construción dos aparellos partidarios e sindicais implicou a aparición dunha ampla masa funcional para a que o traballo militante se transformara nun cómodo medio de vida, e cuxas condicións de existencia estaban afastadas da masa traballadora á que en teoría debía representar. Por outra banda, exceptuando o duro período das leis antisocialistas, o SPD desenvolveu a súa actividade nun clima pacífico e de prosperidade económica. Neste escenario, a actividade política cotiá restrinxíase ao parlamentarismo, á propaganda teórica a través dos comicios e a prensa e a pequenas batallas sindicais por melloras nos salarios. Todo isto foi creando unha mentalidade política acomodaticia, marcada pola rutina burocrática e incapaz de imaxinar un horizonte político que fora alén da pelexa por pequenas reformas.

É precisamente neste contexto en que xorden as ideas revisionistas de Eduard Bernstein, publicadas por vez primeira en 1898. Segundo Bernstein, as predicións feitas por Marx sobre as crises e as contradicións no capitalismo estaban a se demostrar erradas. Para el, o aumento da clase media e o control económico exercido polos grandes *trusts* empresariais e financeiros abrían un horizonte marcado pola estabilidade económica e política. O SPD debía pasar polo tanto de ser o partido dirixente da futura revolución proletaria a converterse nun partido de pequenas reformas. A través das puntuais loitas sindicais, da extensión das cooperativas e da ampliación progresiva da democracia parlamentaria chegaríase nalgún momento ao socialismo.

Como é lóxico, a polémica no partido non tardou en xurdir. A dirección oficial do SPD rexeitou as teses de Bernstein, pero dunha forma extremadamente tibia e conciliadora. Unicamente Luxemburgo deu unha resposta firme e contundente a través dunha das súas obras máis imperecedoiras, *Reforma ou revolución*, publicada en 1899. Alí, a afiada pluma de Rosa Luxemburgo desmonta un por un todos os argumentos da liña reformista e revisionista de Bernstein. Defende con vehemencia a estreita relación dialéctica entre a revolución e a loita por reformas, e demostra como pese aos cambios

Cen anos sen Rosa Luxemburg (1919 – 2019)

superficiais operados no sistema este mantén intactas as súas irresolúbeis contradicións, a empezar pola propia contradición de clase.

Oficialmente as teses bernsteinianas saírían derrotadas tanto no congreso do partido como na II Internacional. Non obstante, constituíron o primeiro síntoma claro da dexeneración política da socialdemocracia, que había de continuar latente nos anos vindeiros e remataría estoupando con virulencia co inicio da Primeira Guerra Mundial.

En decembro de 1905, Luxemburgo decide viaxar a Varsovia para participar activamente nos acontecementos da primeira revolución rusa. A partir desa experiencia, publica en 1906 un novo e influente ensaio titulado *Folga de masas, partido e sindicato*. Neste novo libro analízase detidamente a dinámica social subxacente á Folga Xeral chegando á conclusión de que, lonxe de ser un fenómeno específico do movemento obreiro dun país atrasado, constitúe un produto xenuíno do desenvolvemento histórico e da loita de clases. Sendo así, a folga xeral non pode ser un acto decretado de riba, por unha dirección sindical ou partidaria, tal e como imaxinaban os dirixentes do SPD e os sindicatos. Rosa Luxemburgo entraba de novo en conflito coa mentalidade esclerotizada da socialdemocracia alemá, cuxa rutina de traballo burocrático lle impedía imaxinar calquera movemento da clase obreira que non viñera dado por unha orde superior.

Os constantes enfrontamentos e disputas cos órganos de poder do movemento obreiro socialista alemán significaron para Luxemburgo ser progresivamente apartada de toda dirección, cada vez máis influenciada por elementos dereitistas e reformistas. Perante esta situación, decide centrarse na actividade teórica e académica na escola Central de Formación de Cadros do SPD até 1913. Deste período datan dúas obras económicas, *A acumulación de capital e Introducción á economía política*, que destacan pola orixinalidade dos seus postulados e a súa rigorosidade teórica.

Non obstante, nunca chega a deixar totalmente de lado a actividade política práctica. En 1910, o goberno prusiano sanciona importantes limitacións no dereito a voto da clase traballadora, o que desata enormes mobilizacións de

Cen anos sen Rosa Luxemburg (1919 – 2019)

masas e folgas a gran escala. Luxemburgo participa nos numerosos comicios que se celebran en todo o país, axitando activamente pola república democrática. Cando intenta expresar estas ideas a través do *Vorwärts*, órgano de prensa do SPD, recibe unha negativa por parte de Kautsky, que lle impide publicar os seus artigos. Este acontecemento supuxo a ruptura política definitiva con quen por aquel entón era a figura política máis visíbel e relevante de toda a socialdemocracia alemá.

Conforme se aproximaba o ano de 1914, as evidencias de que acabaría estoupando un conflito bélico facíanse cada vez máis claras. Nos meses previos ao inicio do conflito o SPD mantén unha postura abertamente contraria a guerra. Rosa Luxemburgo é detida en febreiro de 1914, acusada de incitación á rebelión dos soldados polas proclamas pronunciadas nun discurso público. En xullo, o SPD convoca manifestacións públicas contra os “proxectos criminais dos promotores da guerra”. Porén, o 4 de agosto de 1914 o partido decide dar un xiro de 180º. O grupo parlamentar socialista reunido no Reichstag vota a favor dos créditos de guerra salvo un, Karl Liebknecht. A maioría dos socialistas de todos os países seguiron a estela do SPD. Sucumbiron así aos cantos de serea do patriotismo imperialista e apoiaron de forma entusiasta cadansúa burguesía. Todos os manifestos e acordos contra a guerra asinados en diversos congresos da Segunda Internacional –Stuttgart, 1907; Copenhague, 1910; Basilea, 1912- quedaron en simple letra morta.

Para Rosa Luxemburgo, a traizón do SPD, pese a que viña advertindo da súa deriva ideolóxica había xa moito tempo, supuxo un duro e inesperado golpe. Rapidamente, en non caíndo no desánimo, extrae conclusións políticas: “o partido e a internacional están afundidos (...) a socialdemocracia alemá despois do 4 de agosto de 1914 é un cadáver fedorento”. En consecuencia con estas ideas decide, sen abandonar aínda o SPD, fundar un centro político revolucionario xunto a un pequeno puñado de camaradas fieis aos ideais internacionalistas do marxismo, entre os que se atopaban Karl Liebknecht, Clara Zetkin e Franz Mehring. Así, en febreiro de 1915, traen á tona un xornal, *Die internationale*, que é rapidamente prohibido polo goberno. Un ano máis tarde, o grupo adoptaría definitivamente o nome de Liga Espartaco.

Cen anos sen Rosa Luxemburg (1919 – 2019)

Luxemburgo pasará o máis da guerra metida en prisión, con apenas algún breve período en liberdade, aínda que isto non lle impedirá continuar a denunciar as nefastas consecuencias da guerra e o militarismo, nin seguir con detalle toda a actividade política nacional e internacional.

Os primeiros anos de actividade do espartaquismo foi particularmente duros. Eran poucas as persoas, estaban illadas e sufrían unha intensa represión policial. Porén, no terceiro ano da guerra o clima social e político comezou a xirar. A falta de alimentos, a inflación, a chegada de soldados feridos e as numerosas mortes en combate minaron notabelmente a moral da poboación. O pobo estaba cada vez máis cheo dunha guerra que se prolongaba indefinidamente sen remedio, pese a que o goberno alemán prometera unha rápida vitoria. As arengas patrióticas e os vítores aos soldados que marchaban á guerra transformábanse paulatinamente en queixas, folgas e protestas na rúa. Entre 1916 e 1917, o número de folguistas pasou de 129.000 a 667.000. Neste contexto, a proposta da Liga Espartaco de rematar coa guerra a través dunha revolución proletaria contaba con cada vez máis seguimento e simpatizantes. Cando Karl Liebknecht foi detido o primeiro de maio de 1916 debido a un discurso antibélico, foron milleiros de traballadoras as que por todo o país se declararon en folga en aberta solidariedade con el.

O propio SPD notou fortemente este aumento da tensión social contra a guerra nas súas fileiras, sendo a máis relevante manifestación a aparición do USPD – Partido Social Demócrata Independente de Alemaña- cuxa liña política era vacilante, a medio camiño entre o reformismo e a Liga Espartaco, pero que avogaba abertamente pola paz e agrupaba a varios milleiros de traballadoras. A emerxencia deste partido abriu debate dentro dos espartaquistas acerca da idoneidade de se integraren nel, aínda que fose a manter a súa propia prensa e agrupamentos. Luxemburgo, xunto con Liebknecht, defendeu a integración como medio de achegarse ás masas obreiras que estaban a virar decididamente cara a esquerda.

A Revolución Rusa, tanto a de febreiro como a de outubro, vai influír notabelmente na marcha dos acontecementos en Alemaña. O USPD capitaneado por Kautsky, recibe inicialmente de forma favorábel a toma do

Cen anos sen Rosa Luxemburg (1919 – 2019)

poder polas traballadoras rusas, pero enseguida recúa e comeza unha campaña de difamacións contra a nova república dos soviets. Rosa Luxemburgo, no seu folleto *A Revolución Rusa*, expresa algunhas críticas relevantes á política seguida polos bolxeviques en diversos planos –política agraria, política sobre autodeterminación das nacións e medidas que considera autoritarias e antidemocráticas. Con todo, a diferenza de Kautsky, apoia con gran entusiasmo á instauración dunha república socialista na Rusia, e sinala ás camadas obreiras alemás que deben seguir exactamente o mesmo camiño.

Os acontecementos de Rusia influíron tamén de maneira notábel no ánimo das masas obreiras, a aceleraren o seu proceso de radicalización política. As folgas tiñan unha dimensión cada vez máis masiva, e se formaban os primeiros consellos obreiros, equivalentes directos dos soviets. O SPD e os sindicatos afíns atopaban dificultades moi serias para paralizar o empuxe revolucionario da clase traballadora, e nos máis dos casos víanse na obriga de se colocaren á cabeza das folgas para evitar a súa radicalización.

O 4 de novembro de 1918 acontece o que se prevía como inevitábel: as camadas mariñeiras e traballadoras da cidade de Kiel protagonizan unha potente acción insurreccional. Unha após outra, todas as cidades alemás seguen o seu exemplo, a constituíren por toda a parte consellos obreiros. Entre as primeiras accións das masas revolucionarias está a liberación dos presos políticos. Rosa Luxemburgo é liberada definitivamente de prisión o día 9 de novembro. Ese mesmo día, abdica Guillerme II. Scheidemann, dirixente da ala dereita da socialdemocracia, proclama unha república burguesa, e Liebknecht, pola súa banda, proclama unha república socialista. Ao día seguinte, as traballadoras da capital convocan unha asemblea das delegacións obreiras para elixir un goberno provisorio. Dous días máis tarde, asínase un armisticio que finaliza a guerra.

O novo goberno, unha coalición do SPD e o USPD, inicia unha política de carácter contrarrevolucionario. O presidente Ebert, do SPD, establece un plan para o desarme das traballadoras da capital. O 6 de decembro tropas do exército deteñen os membros do comité executivo do consello de obreiros e soldados da capital ao tempo que ocupan a redacción do xornal espartaquista.

Cen anos sen Rosa Luxemburg (1919 – 2019)

O obxectivo fundamental é impedir o congreso dos Consellos obreiros previsto para o 16 de decembro. A pesar dos atrancos remata tendo lugar, pero con maioría de delegados do SPD que chaman a unha Asemblea Constituínte. O exército organiza corpos paramilitares, os *freikorps*, que establecen combates nas rúas cos obreiros e soldados insurrectos e ameazan abertamente cun golpe de Estado. O 31 de decembro a Liga Espartaco transfórmase no Partido Comunista Alemán (KPD) nun congreso constituínte. O 5 de xaneiro de 1919, teñen lugar novos acontecementos decisivos. Prodúcese unha enorme manifestación que elixe un comité revolucionario o cal, a proposta de Liebknecht, debe encargarse de derrocar a Ebert. Luxemburgo disinte da decisión tomada por considerala prematura, pois os comunistas están lonxe de ser donos da dirección do movemento revolucionario. O 9 de xaneiro os freikorps inician unha matanza indiscriminada de revolucionarios. Luxemburgo termina caendo presa nas garras desta organización paramilitar, que remata coa súa vida o 15 de xaneiro ao propinarlle un culatazo de fusil na cabeza. O seu corpo aparecerá días despois na ribeira do río onde se botou o seu cadáver.

3. Textos e artigos

3.1 O oportunismo e a arte do posíbel (1898)

O camarada Heine, como é ben sabido, escribiu un folleto para o congreso do partido titulado “Votar ou non votar?”. Nel declárase a favor da nosa participación nas eleccións do Landtag prusiano. Non é o tema principal do seu folleto o que nos leva a facer algúns comentarios necesarios, senón dous termos que menciona na súa liña de argumentación fronte aos cales reaccionamos con sensibilidade especial, como consecuencia dos ben coñecidos eventos que han ter lugar recentemente no partido. Os termos son: a arte do posíbel e o oportunismo. Heine cre que a aversión do partido cara a estas tendencias baséase completamente nun malentendido do significado lingüístico verdadeiro destas palabras estranxeiras. Ah! O Camarada Heine, como Fausto, estudou xurisprudencia con esforzado celo, mais, desafortunadamente a diferenza de Fausto, non o fixo moito mellor. E no espírito verdadeiro da idea xurídica, el dise a si mesmo, que no principio foi a palabra. Ben, se desexamos saber se a arte do posíbel [posibilismo] e o oportunismo son prexudiciais ou útiles para a Socialdemocracia, necesitaremos soamente consultar o dicionario de palabras estranxeiras e a cuestión será respondida en cinco minutos. Porque o dicionario de palabras estranxeiras informaranos que a arte do posíbel é "Unha política que se esforza por conseguir o que é posíbel baixo certas circunstancias en particular". Heine entón declara, "Efectivamente, pregunto a todos os homes racionais, toda política debe intentar conseguir o que é imposible baixo certas circunstancias en particular?" Se en tanto que homes racionais respondemos, que, si as cuestións de política e tácticas puidesen ser solucionadas tan facilmente, entón os lexicógrafos poderían ser os estadistas máis sabios e, en lugar de discutir os discursos Socialdemócratas, deberíamos empezar a realizar conferencias populares sobre lingüística. Abofé que a nosa política debe e pode esforzarse por conseguir soamente o que é posíbel baixo circunstancias particulares. Pero isto, non di como, nin de que xeito, debemos esforzarnos por conseguir o que é posíbel. Isto, con todo, é o punto crucial.

Cen anos sen Rosa Luxemburg (1919 – 2019)

A cuestión básica do movemento socialista foi sempre como manter a súa actividade práctica inmediata en acordo co seu obxectivo final. As diferentes "escolas" e as tendencias do socialismo diferéncianse de acordo coas súas diferentes solucións para este problema. E a socialdemocracia é o primeiro partido socialista que comprendeu como pór en harmonía o seu obxectivo revolucionario final coa súa práctica cotiá, e deste xeito foi capaz de atraer amplas masas á loita. Por que entón esta solución é particularmente harmoniosa? Brevemente e en termos xerais, isto é debido a que a loita práctica foi formada en conformidade cos principios xerais programáticos do partido. Isto sabémolo todos de memoria; se alguén nos desafía, as nosas respostas son tan enxeñosas como sempre o foron. Malia a súa xeralidade, cremos que, este principio constitúe unha guía moi clara para a nosa actividade. Ilustrémolo brevemente con dúas cuestións de actualidade da vida do partido -polo militarismo e a política aduaneira.

En principio -como calquera que estea familiarizado co noso programa debe saber- nós estamos contra todo militarismo e todo arancel proteccionista. De acordo con isto: deben os nosos representantes no Reichstag oporse a todo debate sobre facturas e contas con respecto a estes temas cun abrupto e contundente NON? En absoluto, porque esta sería unha actitude que correspondería a unha pequena seita e non a un gran partido de masas. Os nosos representantes deben investigar cada feito individual; deben considerar as loitas e deben xulgar e debater con base na relación concreta existente, das situacións económicas e políticas dadas, e non a partir dun principio abstracto e sen vida. O resultado, con todo, debe ser e será -se taxamos correctamente a relación existente do interese das persoas- un contundente NON. Así a nosa solución continúa ser: nin un home e nin un céntimo para este sistema! Mais, tendo en conta a orde social actual, non pode haber ningún sistema que non sería este sistema mesmo. Cada vez que os aranceis son incrementados dicimos que non vemos razón para estar de acordo con tal arancel na situación actual, pero para nós non pode haber ningunha situación na cal podíamos chegar a unha posición diferente. Soamente deste xeito a nosa loita práctica pode chegar a ser o que debe ser: a realización dos nosos principios básicos no

Cen anos sen Rosa Luxemburg (1919 – 2019)

proceso social de vida e a encarnación dos nosos principios xerais no movemento práctico, o da acción cotiá.

E soamente baixo estas condicións loitamos no único xeito permitido para o que en calquera caso é "Posíbel". Agora se alguén nos propón que debemos ofrecer un troco -o noso consentimento ao militarismo e política aduaneira a cambio de concesións políticas ou reformas sociais- entón estaremos sacrificando os principios básicos da loita de clases por vantaxes momentáneas, e estas accións estarán baseadas no oportunismo. O oportunismo, á mantenta, é un xogo político que pode ser perdido en dous xeitos: por unha banda non só os principios básicos poden ser perdidos, senón tamén polo outro lado o suposto éxito práctico pode ser perdido. A suposición de que podemos conseguir un número máis grande de éxitos facendo concesións baséase nun completo erro. Aquí, como en todos os grandes asuntos, a maioría de persoas máis astutas non son as máis intelixentes. Bismarck unha vez dixo a un partido de oposición burgués: "Vostedes mesmos prívanse de calquera influencia práctica, se vostedes sempre e como sempre din que non". O vello era entón, a miúdo, máis intelixente que Pappenheimer. Desde logo, un partido burgués, é dicir, un partido que di si á orde existente como un todo, mais que di non ás consecuencias cotiás desta orde, é un híbrido, unha creación artificial, que non é nin peixe, nin res, nin ave. Quen nos opomos á orde actual enteira vemos as cousas de xeito moi diferente. No noso NON, na nosa actitude intransigente, atópase a nosa forza toda. É esta actitude que nos vale o medo e o respecto do inimigo e a confianza e o apoio das masas.

Precisamente porque NON cedemos nin unha polgada da nosa posición, forzamos o goberno e os partidos burgueses a que nos concedan uns éxitos inmediatos que poden ser gaños. Pero se empezamos ás presas detrás do que é posíbel de acordo cos principios do oportunismo, indiferentemente dos nosos propios principios e, polos medios dun estadista, trocalos; entón atoparémonos pronto na mesma situación do cazador que non soamente deixou escapar o cervo senón que tamén perdeu a súa arma no proceso.

Non nos estremecemos polos termos estranxeiros, o oportunismo e a arte do posíbel, como Heine cre; estremecémonos soamente cando son

"xermanizados" na nosa práctica de partido. Deixemos que permanezan estas palabras estranxeiras para nós. E, se o motivo xorde, deixemos aos nosos camaradas rexeitar o papel de intérprete.

3.2 Anarquistas, socialdemócratas e folga xeral (1912)

Para o pensamento anarquista a especulación directa sobre a Revolución é un feito superficial e accesorio. O que é esencial é a forma abstracta e antihistórica de suscitar a folga xeral como medio que condiciona toda a loita proletaria. Para os anarquistas existen só dúas cousas como premisas materiais das súas especulacións revolucionarias: o soño utópico, e a boa vontade e a coraxe para sacar a humanidade do val de miseria no que a mantén o capitalismo. Do soño destaca o razoamento, con sesenta anos de vida xa, que a folga xeral é o medio máis expeditivo, máis seguro e máis fácil, para saltar a unha orde social mellor. É no soño onde atopa a súa xustificación a especulación mediante a cal a loita económica suscítase como a única e verdadeira "acción directa das masas" e, en consecuencia, a única loita revolucionaria (aquí está o novo fetiche dos "sindicalistas" franceses e italianos). O que resultou fatal para os anarquistas non foi soamente a vertente utópica dos seus métodos de loita improvisados no soño senón a realidade imprevista que os transferiu do terreo das especulacións revolucionarias ao da práctica, onde se converteron de feito en axentes da reacción.

Quen quixeron fixar en Alemaña, mediante a deliberación dunha dirección, o día preciso para desencadear a folga xeral, e quen igualmente, nos congresos sindicais de Colonia, pretenderon (prohibindo a propagación desta solución do problema) facer desaparecer do mundo a folga xeral; colócanse no mesmo terreo e consideran o problema do mesmo xeito abstracto e antihistórico. Estas dúas tendencias, retomando a concepción anarquista, pretenden que a folga xeral é un simple medio técnico de loita que se pode desencadear ou prohibir ao seu gusto. A folga xeral é para eles unha especie de navalla que se garda e da que un se serve cando quixer.

Cen anos sen Rosa Luxemburg (1919 – 2019)

Os adversarios da folga xeral pretenden ter en conta o terreo histórico e as condicións materiais da actual situación na Alemaña, en oposición aos "románticos da revolución" que voan entre as nubes e non queren ter en conta a realidade e as súas posibilidades e imposibilidades. "Feitos e cifras, feitos e cifras", gritan como o personaxe da novela de Dickens. O que os adversarios sindicais da folga xeral entenden por "terreo histórico" e "condicións materiais" é, por unha banda, a debilidade do proletariado, pola outra, a forza do militarismo prusiano alemán. A insuficiencia das organizacións obreiras, a situación da caixa e a ameaza das baionetas prusianas, velaí os "feitos e cifras" sobre os que eses dirixentes dos sindicatos basean nun momento determinado a súa política práctica. Ora ben, as caixas dos sindicatos e as baionetas prusianas son fenómenos moi materiais e históricos, mais a concepción baseada neses elementos non é un materialismo histórico no sentido de Marx senón un materialismo policial no sentido de Puttkamer. Os representantes do estado policial e capitalista teñen en conta eles mesmos a forza real do proletariado organizado e ao tempo da forza material das baionetas e, considerando dúas series de cifras, non sempre extraen a conclusión tallante que vemos aquí: o movemento obreiro revolucionario sempre é provocado polos instigadores e líderes de disturbios, pois temos nas nosas prisións e coas nosas baionetas un medio suficiente para controlar este desagradábel "fenómeno pasaxeiro".

A clase obreira consciente da Alemaña comprendeu desde fai moito tempo o papel burlesco da teoría dos policías, teoría que pretende que todo o movemento obreiro moderno é o produto artificial e arbitrario de feitos e xestas dun puñado de líderes e axitadores sen conciencia.

Mais é xustamente a mesma concepción a que ve a luz cando bravos camaradas asócianse para pór o proletariado alemán en garda contra a propaganda perigosa dalgúns "románticos da revolución", e contra a súa concepción da folga xeral; ou ben cando, por outra banda, se enceta unha campaña lacrimosa desas xentes que se arrolan en ilusións sobre a posibilidade dun desencadeamento da folga xeral a consecuencia de acordos confidenciais entre a dirección do partido e a comisión xeral das organizacións sindicais.

Cen anos sen Rosa Luxemburg (1919 – 2019)

Se as folgas xerais dependesen da "propaganda incendiaria" dos románticos da Revolución ou das decisións confidenciais ou públicas dos xefes de partidos non haberíamos ter en Rusia nin unha soa folga xeral. En ningún país soñábase tan pouco como na Rusia (como o probei xa en marzo de 1905 na Sachs Arbeiter Zeitung). Na Rusia non se trataba nin de propagar, nin de "discutir" mesmo, a folga xeral. E fracasaron os exemplos illados de decisións e acordos da dirección do partido ruso, que deberían provocar a folga xeral, por exemplo a última tentativa de agosto deste ano após a disolución da Duma.

Se a revolución rusa nos ensina algo é sobre todo iso: que a folga xeral non é un produto artificial, programado e decretado, senón un fenómeno histórico que se produce necesariamente nun momento determinado sobre a base das relacións sociais existentes. Este problema non podería ser considerado e discutido a través de especulacións abstractas sobre a posibilidade e imposibilidade, a utilidade ou a influencia daniña da folga xeral; senón soamente mediante o exame das condicións sociais e históricas de onde provén este fenómeno particular da fase actual da loita de clases. Con outras palabras, non se trata dun xuízo subxectivo determinado polo que é desexábel senón dunha análise das fontes da folga xeral do punto de vista da necesidade histórica.

Na liberdade da análise lóxica e abstracta pódese demostrar igualmente a imposibilidade absoluta e a certa ruína ou ben, pola contra, a total posibilidade e a indubidábel vitoria da folga xeral. O valor da demostración é en consecuencia o mesmo en ambos os casos, é dicir, nulo. Así como o medo á propagación da folga xeral, que provoca tantos anatemas contra os pretendidos culpábeis dese crime, é o simple resultado dun educado quid pro quo. É tan imposíbel propagar a folga xeral como medio abstracto de loita como o é propagar a revolución. "Revolución" e "folga xeral" son ideas que representan simplemente unha forma exterior da loita de clases e que só teñen unha significación e contido en relación co conxunto das situacións políticas.

Quen se propuxer facer da folga xeral, en tanto que forma de acción proletaria, o obxecto dunha axitación preordenada (e difundise esa "idea", segundo el, para a clase obreira se gañar para si aos poucos); perdería o seu tempo nunha

Cen anos sen Rosa Luxemburg (1919 – 2019)

actividade absurda e insensata. Sería o mesmo se alguén quixer facer da idea da revolución e da loita de barricadas un obxecto de axitación. A folga xeral deveu hogano o punto central do interese vital da clase obreira alemá e internacional, pois é unha nova forma de combate e como tal o síntoma dunha profunda revolución nas relacións e condicións da loita de clases. É unha boa proba do san instinto revolucionario e da viva consciencia da masa obreira alemá que, malia a resistencia encarnizada dos seus dirixentes sindicais, vírase cara a ese novo problema cun interese tan caloroso. Non se pode responder a este interese, a esta nobre sede intelectual e a este entusiasmo revolucionario pola acción que se produce entre os obreiros, mediante unha abstracta ximnasia cerebral sobre a posibilidade e imposibilidade da folga xeral. Pola contra, débese responder clarificando o desenvolvemento da revolución rusa, sobre o significado internacional desta revolución, sobre a agudeza dos contrastes de clases na Europa Occidental, sobre as perspectivas ulteriores da loita de clases na Alemaña e o papel e tarefas das masas na próxima loita. Só baixo esta forma pode a discusión sobre a folga xeral contribuír a ampliar o horizonte do proletariado, agudizar a súa consciencia de clase, profundar o seu pensamento e facer resplandecer a súa forza de acción.

De nos colocarmos neste punto de vista, veremos todo o ridículo dos procedementos de que se serven os adversarios da folga xeral para condenar a aqueles que non trataron o problema seguindo ao pé da letra a resolución de Jena. Os "hombres políticos con sentido práctico" están completamente de acordo en declarar que esta resolución xunta a cuestión da folga xeral e a cuestión do sufraxio universal, o que lles permite crer que primeiro se debe asegurar por este medio un carácter defensivo á folga xeral e, segundo, que esta fica subordinada ao parlamentarismo e que a transforma nun simple accesorio do parlamentarismo.

A verdadeira sustancia da resolución de Jena en relación con esta cuestión consiste en afirmar que un atentado da reacción contra o sufraxio universal, na actual situación, marcaría o principio dun período de loitas políticas tempestuosas no que se aplicarían seguramente, por vez primeira, a folga xeral como medio de loita. Non podería delimitarse ou acoutarse o campo de acción

Cen anos sen Rosa Luxemburg (1919 – 2019)

social e histórico da folga xeral por un congreso do partido. É unha empresa que está tan limitada como a prohibición de discusión sobre esta cuestión que foi suscitada no congreso sindical de Colonia. Na resolución do partido de Jena, a socialdemocracia alemá levantou oficialmente acta do gran cambio que a revolución rusa achegou ás condicións internacionais da loita de clases e constatou a súa posibilidade de desenvolvemento e de adaptación ás novas esixencias da próxima fase da loita de clases. Aquí radica a significación do congreso de Jena. No tocante á aplicación da folga xeral na Alemaña, será a Historia quen decidirá, como xa decidiu na Rusia; o camiño, no cal a socialdemocracia sen ningunha dúbida, coas súas decisións, é un factor importante mais soamente un factor entre outros.

Na actual discusión na Alemaña considérase a folga xeral como algunha cousa moi simple, clara e netamente precisada. Fálase dunha folga xeral política. Suscítase unha única e grandiosa implantación das forzas do proletariado industrial, preparado de antemán e desatado nun momento determinado. Debería ser o resultado dun plan ben establecido, sobre a base dun entendemento entre a dirección do partido e a das organizacións sindicais, plan en que estaría xa preordenado o balance material da folga xeral.

Se se comparar este esquema teórico coa folga xeral na realidade, como se produce na Rusia desde hai cinco anos, terase que estar de acordo en que o plan que forma o substrato da actual discusión na Alemaña non se corresponde case en nada coas numerosas folgas que se produciron na Rusia; en que, por outra banda, esas folgas teñen un aspecto tan variado que é imposible falar “da” folga de masas e dunha folga de masas abstractamente esquematizada. Todos os momentos da folga xeral, así como o seu carácter, non son diferentes nas diferentes cidades e rexións do territorio nacional senón que o seu carácter xeral mudou en repetidas ocasións durante a revolución. As folgas de masas han ter e teñen aínda na Rusia a súa historia particular. Quen fala da folga xeral na Rusia debe ter, ante todo, a súa historia diante.

4 Reforma ou revolución? Un debate actual

Para rematar xa este caderno deixamos, tal e como se sinalou na introdución, unha breve reflexión sobre a que pode considerarse a obra máis famosa de Rosa Luxemburgo: "Reforma ou Revolución". Boa parte deste marabilloso escrito xira en torno á concepción de Bernstein acerca da capacidade do capitalismo de superar as súas propias contradicións internas. Para Bernstein o desenvolvemento do sistema crediticio, as organizacións patronais e a mellora nos medios de comunicación tendían a facer desaparecer as crises económicas. Tamén, paralelamente, o aumento da clase media a partir de sectores obreiros, unido ás conquistas e melloras sindicais, suavizaría cada vez máis a loita de clases. Non se prevía ningún cataclismo, ningunha perturbación no horizonte, polo que a única vía de chegar ao socialismo xa non era a revolución, senón a extensión gradual do cooperativismo e do control social a través dos sindicatos.

Para moitos socialistas da época a cuestión non tiña unha importancia excesiva. A fin de contas Bernstein seguía mantendo o socialismo como horizonte estratéxico, o único que cambiaba era a vía pola que chegar a el. Rosa Luxemburgo, en cambio, apreciou correctamente que as teses de Bernstein non constituían unha simple revisión do marxismo, senón a súa máis completa negación. Na visión marxista, o socialismo xorde debido a unha necesidade histórica derivada do propio desenvolvemento contradictorio do capitalismo que leva sen remedio a crises recorrentes, a unha forte polarización social e a intensos conflitos de clase. Por outra banda, a concentración da clase obreira en grandes centros produtivos posibilitaba e facilitaba a futura implantación dun réxime de propiedade e xestión colectivizada. Mentres no vello socialismo utópico o socialismo era un fermoso ideal xurdido de cabezas altruístas, o marxismo facía nacer ao novo sistema da propia evolución histórica da sociedade capitalista, a dotar a loita do proletariado dunha base ideolóxica materialista. Bernstein, ao afirmar que todas as contradicións capitalistas podían ser resolvidas no seo do mesmo sistema, destruíu todo aquilo que caracteriza precisamente ao marxismo e retrotraía ao SPD as vellas teorías idealistas e utópicas de Saint-Simon, Owen e

Cen anos sen Rosa Luxemburg (1919 – 2019)

Fourier. Expresado doutra forma, se o capitalismo é capaz de garantir un desenvolvemento económico estábel e de mellorar constantemente os niveis de vida da clase traballadora, que necesidade hai de implantar o socialismo? Se non son as contradicións irresolúbeis do propio sistema, que é o que empurra cara a superación da sociedade burguesa? O único que resta é o sentimento de xustiza das boas xentes: Bernstein representa a caída total nas concepcións idealistas, o abandono completo do materialismo histórico e da dialéctica. A partir desta idea central, Rosa Luxemburgo vai demostrando como o capitalismo continúa a manter todas as súas contradicións, desmonta un por un todos os argumentos que segundo Bernstein farían que o capitalismo camiñase cara a un progreso económico ininterrompido e pacífico e, con isto, retoma a visión materialista e marxista do socialismo.

Toda esta polémica, que a ollos de moita xente pode parecer letra morta, mantense de viva actualidade. Pode que na esquerda de hoxe xa non existan Bernstinianos como tales, mais si se mantén un sucedáneo de acento keynesiano. Se segundo Bernstein o capitalismo tiña a capacidade de auto resolver os seus conflitos internos, os reformistas de hoxe cren que este tende por natureza a desregularse, a converterse nun “capitalismo salvaxe”, nun “capitalismo neoliberal” cuxas perniciosas consecuencias deben evitarse por medio de regulacións estatais das finanzas, políticas de demanda que xeren emprego e a implantación dunha correcta política fiscal. O moderno reformismo confía en que unha boa política governamental pode conseguir o mesmo que o bernsteinianismo esperaba do sistema de crédito e da actividade sindical: un capitalismo pacífico, sen crises, capaz de lograr unha paz entre clases por medio dun perpetuo e harmonioso crecemento económico combinado con altos salarios. A “esquerda radical” de hoxe caracterízase por un anticapitalismo e revolucionarismo verbal, pero precisamente na medida en que a cada problema xurdido no seo do sistema quere pórllle unha solución por vía da reforma, foxen por completo do marxismo e caen no mesmo erro idealista que cometera o sector revisionista do SPD hai xa máis dun século.

No día de hoxe, na medida en que os bernsteinianos modernos contan cunha total hexemonía na esquerda europea, “Reforma ou revolución” constitúe non

Cen anos sen Rosa Luxemburg (1919 – 2019)

só un texto teórico de gran interese senón tamén un auténtico programa estratéxico, unha verdadeira guía de acción. As marxistas debemos participar na actividade sindical, no movemento estudantil, no movemento feminista, e en todo tipo de loitas populares. Debemos pular por conquistar melloras nos salarios, nas bolsas, nas pensións, na ampliación de dereitos democráticos, pero ao propio tempo é fundamental desenvolvermos unha actividade propagandística en que denunciaremos as falsas solucións da esquerda reformista. Debemos expor ás claras, en todo momento, a verdade máis fundamental: Na medida en que o capitalismo exista, existirán tamén todos os seus horrores, as súas crises, o desemprego, a precarización crecente, a falta de vivenda. Todos estes problemas só poden ser superados de forma definitiva mediante a toma do poder revolucionario pola clase obreira e a construción do socialismo.

5 Referencias bibliográficas

Cliff, T. (2001). Rosa Luxemburg. Editor dixital: Marxists Internet Archive (MIA)

MacKenzie, N. (1969). Breve historia del socialismo. Barcelona: Editorial Labor

Mandel, E. (2009). Rosa Luxemburgo y la socialdemocracia alemana. Editor dixital: Marxists Internet Archive (MIA)

Polo, H. (xaneiro 2019). Rosa Luxemburg. La llama ardiente de la revolución. El Viejo Topo, 372, 4-12.

Ramos, J.I. (2014). Bajo la bandera de la rebelión. Rosa Luxemburgo y la revolución alemana. Madrid: Fundación Federico Engels

de Vicente Hernando, C. (2018). La revolución de 1918-1919. Alemania y el socialismo radical. Madrid: Catarata



isca!

le, copia, distribúe, difunde!